

04 MAR. 2018

Núm. 8537

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 3 de abril de 2018, tomou coñecemento do escrito de don Miguel Ángel Delgado González, presidente da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia, polo que en exercicio do dereito de petición solicita petición relativa ao control das incompatibilidades no sector público (10/VUDE-000008) (doc. núm. 28258) e acordou o seu traslado á Comisión de Peticións, aos portavoces dos grupos parlamentarios e a comunicación do acordo ao interesado.

En relación coa pretensión do interesado de formular unha pregunta de iniciativa popular (10/PDC-000014), a Mesa acorda solicitarlle a súa reformulación para que concrete o interrogante conforme ao preceptuado nos artigos 153.2 (“2. Non será admitida a pregunta de exclusivo interese persoal de quen formula ou de calquera outra persoa singularizada, nin a que supoña consulta de índole estritamente xurídica”) e 155.1 (“1. Cando se pretenda a resposta oral ante o Pleno, o escrito non poderá conter máis ca unha concisa e estrita formulación dunha soa cuestión interrogando sobre un feito, unha situación ou unha información, sobre se a Xunta tomou ou vai tomar algunha providencia en relación co asunto, ou se lle vai remitir ao Parlamento algún documento ou informalmente acerca dalgún extremo”) do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1.º

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º na data 03/04/2018 11:45:23